



Proposta provisional de resolución das axudas para o libro galego, no que se refire á tradución a outras linguas de obras publicadas orixinariamente en galego.

A Orde do 28 de febreiro de 2025 establece as bases reguladoras para a concesión, das axudas para o libro galego, dirixidas á tradución a outras linguas de obras publicadas orixinariamente en galego, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025. Código do procedemento CT221D. (DOG Núm. 59, do 26 de marzo de 2025).

De acordo co disposto no artigo 12.3 da orde da convocatoria a comisión de avaliación valorou os proxectos que cumpren os requisitos da convocatoria, tendo en conta os criterios establecidos no artigo 13 da orde, e elaborou unha listaxe coa puntuación outorgada a cada proxecto. Tendo en conta esta listaxe, o órgano instrutor formula unha proposta provisional de resolución coa puntuación outorgada a cada proxecto admitido, así como as causas que determinaron a exclusión das restantes solicitudes.

Quedan excluídas das axudas aqueles proxectos que, logo de aplicado o baremo, acaden unha puntuación inferior ao 50% do máximo total. A puntuación máxima que se pode acadar sumando os criterios recollidos no artigo 13 da orde de convocatoria é de 100 puntos.

Así mesmo, segundo establece o artigo 14 da orde de convocatoria, a dita proposta provisional farase pública na páxina web da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, <https://www.cultura.gal>. Nela expresarase a puntuación proposta para cada proxecto admitido, así como as causas que determinaron a exclusión das restantes solicitudes. As editoriais disporán dun prazo de dez días hábiles, que se contarán a partir do seguinte ao da data de publicación da proposta provisional, para formular as alegacións que consideren oportunas sobre esta proposta ante a Dirección Xeral de Cultura, Subdirección Xeral de Bibliotecas e do Libro, nos lugares e na forma indicados no artigo 6 da dita orde.

En todo caso, as editoriais que presenten alegacións enviaranlle un correo electrónico á Dirección Xeral de Cultura, Subdirección Xeral de bibliotecas e do Libro, no seguinte enderezo: servizo-libro-publicacions.cultura@xunta.gal, no cal indicarán o día en que presentaron a alegación e o motivo desta.

Santiago de Compostela (na data da sinatura electrónica)

Subdirectora xeral de Bibliotecas e do Libro

Cristina Rubal González





Proxectos admitidos

Editorial	Título proxecto	Total
Editorial Guiverny, SL	<i>Aquí vivió por aquí pasó</i>	56
Editorial Guiverny, SL	<i>El negociador</i>	60
Merlín Comunicación SL	<i>Bibliópatas e fobólogos</i>	67
Merlín Comunicación SL	<i>Bonus Track</i>	69
Merlín Comunicación SL	<i>Contrabiografía</i>	76
Merlín Comunicación SL	<i>Os elefantes de Sokúrov</i>	58
Páginas de Espuma SL	<i>Economía y poesía: rimas internas</i>	79
Small Stations Press	<i>A noite do oso</i>	77
Small Stations Press	<i>De illas remotas</i>	72
Small Stations Press	<i>Dos arquivos do trasno</i>	75
Small Stations Press	<i>Morning Star</i>	70
Small Stations Press	<i>Xoaniña de Deus</i>	71
Associazione Culturale Textus	<i>Alfonso Rodríguez Castelao: Prosa completa</i>	54
Associazione Culturale Textus	<i>Alfonso Rodríguez Castelao: Diarios de arte</i>	54
Associazione Culturale Textus	<i>Lamas Carbajal: Poesía</i>	50
Associazione Culturale Textus	<i>Luis Amado Carballo: Poesía e Prosa</i>	52
Associazione Culturale Textus	<i>Roberto Blanco Torres: Poesía e Prosa</i>	53
Aguaplano Libri Srls	<i>Ismael Ramos, Lixeiro</i>	71
Editorial Aurora Boreal	<i>O lapis do carpinteiro</i>	69
Gruppo Editoriale Tab SRL	<i>Lourenço, Xograr</i>	58
Hena Com D.O.O.ZA Nakladništvo	<i>Si o vello Sinbad volvese ás illas</i>	53
Fundación Uxío Novoneyra	<i>Os eidos (árabe)</i>	62
Fundación Uxío Novoneyra	<i>Os eidos (catalán)</i>	66
Nedland	<i>Prosa escollida de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao</i>	54





Proxectos excluídos

Editorial	Título proxecto	Total	Motivo de exclusión
Instituto para el Desarrollo Educativo y Cultural	<i>A ponte</i>	46	Non acadar a puntuación mínima (50 puntos) de acordo co disposto no artigo 14.2.a) da orde do 28 de febreiro de 2025.
Instituto para el Desarrollo Educativo y Cultural	<i>Contos de asieumedre</i>	36	Non acadar a puntuación mínima (50 puntos) de acordo co disposto no artigo 14.2.a) da orde do 28 de febreiro de 2025.
Instituto para el Desarrollo Educativo y Cultural	<i>Mareiras</i>	46	Non acadar a puntuación mínima (50 puntos) de acordo co disposto no artigo 14.2.a) da orde do 28 de febreiro de 2025.
Instituto para el Desarrollo Educativo y Cultural	<i>Minia</i>	46	Non acadar a puntuación mínima (50 puntos) de acordo co disposto no artigo 14.2.a) da orde do 28 de febreiro de 2025.
NK Projects SC	<i>Galiza mutante</i>	32	Non acadar a puntuación mínima (50 puntos) de acordo co disposto no artigo 14.2.a) da orde do 28 de febreiro de 2025.
Fundación Uxío Novoneyra	<i>A flora dos Eidos</i> <i>(francés)</i>	39	Non acadar a puntuación mínima (50 puntos) de acordo co disposto no artigo 14.2.a) da orde do 28 de febreiro de 2025.
Fundación Uxío Novoneyra	<i>A flora dos Eidos</i> <i>(inglés)</i>	33	Non acadar a puntuación mínima (50 puntos) de acordo co disposto no artigo 14.2.a) da orde do 28 de febreiro de 2025.

